IDENTIFICACIÓN NÚMERO:	

PARTE XERAL

1.- En que data foi publicada a Constitución española no Boletín oficial do Estado?

a) O 6 de decembro de 1978.

b) O 27 de decembro de 1978.

c) O 29 de decembro de 1978.

2.- Das seguintes partes, cal abre o texto da Constitución española de 1978?

a) O Título Preliminar.

b) O Título I.

c) O Preámbulo.

3.- De cantos Títulos consta a Constitución española de 1978?

a) De dez Títulos.

b) De once Títulos.

c) De doce Títulos.

4.- Onde reside a soberanía nacional a teor do contido do art.1.2. da Constitución española de 1978?

a) Nas Cortes Xerais.

b) No pobo español.

c) No Xefe do Estado e no pobo español.

5.- En que Título da Constitución se regula a Administración Local?

a) O Título VII.

b) O Título VI.

c) O Título VIII.

CVD: 0eqrJ/UYINC303U9qwMw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

6.- Que artigo da Constitución establece o dereito de autonomía de provincias e municipios?

a) O art.2.

b) O art. 137.

c) O art. 153.2.

7.- De que tipo de personalidade xurídica gozan os municipios?

a) Propia.

b) Plena.

c) Organizativa.

8.- De que ano é a Lei de Facendas Locais?

a) 1987.

b) 1988.

c) 1989.

9.- Cal dos seguintes non se considera un elemento configurador do municipio?

a) O territorio.

b) A poboación.

c) O concello.

10.- Sobre cal das seguintes materias o Concello non exerce, en todo caso, competencias?

a) Protección do medio ambiente.

b) Protección da salubridade pública.

c) Acreditación de nacionalidade.

11.- Que é o termo municipal?

a) O territorio onde o concello exerce as súas competencias.

b) O territorio edificado dun municipio.

c) O territorio urbano dun municipio.

CVD: 0eqrJ/UYINC303U9qwMw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

12.- Quen representa o Concello?

a) O Pleno.

b) A Comisión de Goberno.

c) O Alcalde.

13.- Quen nomea os Tenentes de Alcalde?

a) O Pleno.

b) O Alcalde.

c) A Comisión de Goberno.

14.- Canto tempo dura o mandato dos concelleiros?

a) Dous anos.

b) Tres anos.

c) Catro anos.

15.- Cada canto tempo celebra sesión ordinaria o Pleno do concello dun municipio que conte con menos de 5.000 habitantes?

a) Unha vez ao mes.

b) Unha vez cada dous meses.

c) Unha vez cada tres meses.

16.- De que ano é o Real Decreto Lexislativo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais?

a) 1987.

b) 1988.

c) 2004.

17.- Que artigo da Lei 7/1985, do 2 de abril, recolle as competencias que deben ser exercidas polos Concellos?

a) O art. 25.1.

b) O art. 29.2.

c) O art. 21.3.

CVD: 0eqrJ/UYINC303U9qwMw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

18.- Cal dos seguintes non se considera un servizo mínimo a exercer polos Concellos?

a) Limpeza viaria.

b) Recollida de residuos.

c) Mercado público.

19.- Que artigo da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece os servizos mínimos que deben ser prestados polos Concellos?

a) O art. 26.

b) O art. 34.

c) O art. 65.

20.- Cal dos seguintes servizos non corresponde prestar a un municipio que conte con menos de 50.000 habitantes?

a) Protección do medio ambiente.

b) Prevención de incendios.

c) Parque público.

CVD: 0eqrJ/UYINC303U9qwMw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

PARTE ESPECÍFICA

21.- Que Lei regula a prevención de riscos laborais?

a) Lei 33/1995, do 8 de novembro.

b) Lei 31/1995, do 8 de decembro.

c) Lei 31/1995, do 8 de novembro.

22.- Non teñen a consideración de accidente de traballo:

a) Os casos que sexan debidos a dolo ou imprudencia temeraria do traballador accidentado.

b) Os accidentes in itinere.

c) Os ocorridos con ocasión ou a consecuencia das tarefas que, aínda sendo distintas a las da súa categoría profesional, execute o traballador en cumprimento das ordes do empresario ou espontaneamente en interese do bo funcionamento da empresa.

23.- Que se entende por <equipo de traballo> segundo o artigo 4 da Lei 31/1995?

a) Só as ferramentas manuais utilizadas polos traballadores.

b) Os uniformes e roupa de traballo dos empregados.

c) Calquera máquina, aparello, instrumento ou instalación utilizada no traballo.

24.- Un sinal de advertencia terá:

a) Forma cadrada, pictograma vermello sobre fondo amarelo e bordos negros.

b) Forma redonda, pictograma negro sobre fondo branco e bordos negros.

c) Forma triangular, pictograma negro sobre fondo amarelo e bordos negros.

25.- De acordo coa Lei de Prevención de Riscos Laborais, os equipos de protección individual deben ser utilizados cando:

a) Deben ser utilizados en todo caso.

b) Sempre que se utilicen medios técnicos de protección colectiva.

c) Cando os riscos non se poidan evitar ou non poidan limitarse suficientemente por medios técnicos de protección colectiva ou mediante medidas, métodos ou procedementos de organización do traballo.

CVD: 0eqrJ/UYINC303U9qwMw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

26.- Cantas parroquias ten o Concello de Lousame?

a) 5.

b) 7.

c) 9.

27.- Cantos quilómetros cadros ten o Concello de Lousame?

a) 65.

b) 93.

c) 145.

28.- Con cal destes concellos non linda o Concello de Lousame?

a) Ames.

b) Brión.

c) Rianxo.

29.- O lugar de Madeiro a que parroquia pertence do Concello de Lousame?

a) Fruíme.

b) Camboño.

c) San Xusto.

30.- Atendendo á nomenclatura das estradas, indique que estrada é de titularidade autonómica:

a) DP-1105.

b) AC-308.

c) N-550.

31.- Que é unha curva de nivel?

a) É o plano que une liñas de distinta cota.

b) A liña que une no plano os puntos de igual cota.

c) É a representación numérica dunha escala gráfica.

CVD: 0eqrJ/UYINC303U9qwMw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

32.- Que é a beirarrúa dunha estrada?

a) Franxa lonxitudinal pavimentada, contigua á calzada, non destinada ao uso de vehículos automóbiles máis que en circunstancias excepcionais.

b) Franxa lonxitudinal situada entre dúas plataformas separadas, non destinada á circulación.

c) Franxa da calzada por onde circulan os vehículos nunha fila.

33.-Cal destes materiais NON é un aglomerante?

a) Alcatrán.

b) Asfalto.

c) Cemento.

34.- Que é o formigón fresco?

a) É o formigón en estado plástico.

b) É o formigón en estado sólido.

c) É a mestura de cemento con auga.

35.- Como se chama a escavación de terra co fin de rebaixar a rasante do terreo?

a) Ensanche.

b) Terraplén.

c) Desmonte.

36.- As marcas viarias de uso temporal (obras) son de cor:

a) Branco.

b) Amarelo.

c) Azul.

37.- Que é un cambio de rasante nunha estrada, segundo o Regulamento de Circulación?

a) Lugar en que se atopan dous tramos dunha estrada con igual inclinación.

b) Lugar en que se atopan dous tramos dunha estrada de distinta inclinación.

c) A pendente maior da estrada.

CVD: 0eqrJ/UYINC303U9qwMw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

38.- Que é un encofrado?

a) Un sistema temporal de moldes e soportes utilizado para dar forma ao formigón fresco, durante a súa vertedura e curado.

b) Unha estrutura metálica que dá suxeición ao piar dunha ponte.

c) Un conxunto de lousas de formigón que ao entrelazalas serven para formar un muro.

39.- Cales dos seguintes materiais son áridos?

a) Cemento, betume e auga.

b) Xeso, madeira e cobre.

c) Areas, gravas e rochas fragmentadas.

40.- Como se chama a masa constituída por árido fino, cemento e auga?

A) Morteiro.

b) Argamasa.

c) Formigón.

CVD: 0eqrJ/UYINC303U9qwMw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

RESERVA:

1R.- En cal dos seguintes municipios rexe o sistema de concello aberto?

a) Nun municipio de menos de 300 habitantes.

b) Nun municipio de menos de 250 habitantes.

c) Nun municipio de menos de 100 habitantes.

2R.- Quen debe expedir os certificados de acordos do Pleno?

a) O Alcalde.

b) O membro da corporación designado polo Alcalde.

c) O Secretario da Corporación.

3R.- Que tipos de mestura se debe usar para encher unha fochanca de profundidade superior aos 4 cm en pavimentos de mestura bituminosa en quente?

a) Formigón ciclópeo.

b) Aglomerado en frío.

c) Cal.

4R.- Cal é a proporción habitual para facer cemento?

a) 1 cemento, 3 area, 1 auga.

b) 1 cemento, 10 area, 1 auga.

c) 1 cemento, 1 auga, 1 cal.

CVD: 0eqrJ/UYINC303U9qwMw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

CVD: 0eqrJ/UYINC303U9qwMw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

PARTE XERAL

CONSTITUCIÓN

1 – C

2 - C

3 - B

4 - B

REXIME LOCAL

5 - C

6 - B

7 - B

8 - B

O MUNICIPIO

9 - C

10 - C

11 - A

ORGANIZACIÓN MUNICIPAL. ÓRGANOS NECESARIOS E COMPETENCIAS. O ALCALDE ….

12 - C

13 - B

14 - C

15 - C

AS COMPETENCIAS MUNICIPAIS. OS SERVIZOS MÍNIMOS. A FACENDA PÚBLICA.

16 - C

17 - A

18 - C

19 - A

20 -A

CVD: 0eqrJ/UYINC303U9qwMw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/

PARTE ESPECÍFICA.

21 - C

22 – A

23 - C

24 - C

25 - C

26 - B

27 - B

28 – A

29 - C

30 - B

31 - B

32 - A

33 - C

34 - A

35 - C

36 - B

37 - B

38 - A

39 - C

40- A

RESERVA:

1R - C

2R - C

3R - B

4R - A

CVD: 0eqrJ/UYINC303U9qwMw Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.lousame.es/